

ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A VALORACIÓN DO 1º EXERCICIO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓN DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE (PEL 2025)

En Melide, a 8 de abril de 2025, sendo as 10.00 horas, reúnense baixo a presidencia de José Luis Cordido Vázquez, os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para a realización do primeiro exercicio **PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓN DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE (PEL 2025)**

Presidente: José Luis Cordido Vázquez

Secretaria: María José Enjamio Vázquez

Vogal: Juan Manuel Cardelle Segade

Juan Carlos Curros Vázquez

Joaquin Vázquez Rodríguez




O presidente declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á: REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO QUE SE INCLUE NA PRESENTE ACTA O FINAL DA MESMA.

PUNTUACIÓN DE:	TOTAL
1. CÉSAREO ADAN VAL	8-NON APTO
2. LUIS LÓPEZ LÓPEZ	9- APTO
3. FERNANDO SEOANE VARELA	9-APTO
4. DIEGO GONZALEZ LIRIO	12-APTO
5. ALFONSO QUINTELA SÁNCHEZ	NON PRESENTADO
6. ANTONIO CARREIRA LÓPEZ	11-APTO
7. LUCIA LAREO IGLESIAS	10- APTA
8. MÓNICA GARCÍA MODIA	8- NON APTA
9. AVELINO ROUCO VEIGA	5- NON APTO

Convócase á comisión seleccionadora e aos aspirantes que superaron o 1º exercicio da fase de oposición para a realización do 2º exercicio da fase de oposición o mércores 9 de abril as ás 10.00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo o presidente que se redacte a presente acta que asinan os membros da comisión seleccionadora sendo as 12:30 do que eu, **SECRETARIA**, certifico.

Melide, 8 de abril de 2025
A comisión seleccionadora.



EXAME PEL 2025 SUPOSTO PRÁTICO CONCELLO DE MELIDE

NOME E APELIDOS	
DNI	
DATA	

No Edificio Multiusos do Concello de Melide vanse facer unha serie de reformas. Tanto no interior do edificio coma na zona axardinada. O encargado do edificio do concello propón, para facer as ditas reformas, unha serie de partes de traballo que teñen que facer os peóns de mantemento, para iso hai que ter en conta unha serie de conceptos como son:

1.- Para facer as reformas, levamos produtos inflamables e volátiles. que precaucións debes tomar para a súa almacenaxe?.

- a) Gardalo nas estancias estancas.
- b) Unha adecuada e constante ventilación.
- c) Utilizar unha habitación que teña moita humidade.

2.- Ao cortar un tubo para a súa reparación vese que ten rebarbas no corte. Con que ferramenta as eliminarías?.

- a) Rasqueta.
- b) Escariador.
- c) Escarificador.

3.- Temos que facer un enlucido final das paredes de dentro da aula de informática, que material e o máis adecuado?.

- a) Xeso branco.
- b) Xeso negro.
- c) Escaiola.

4.- Na estrutura de formigón que temos na entrada do edificio, temos que colocar un panel fixo co nome do edificio. Que usarías para a súa colocación?

- a) Faríao con morteiro.
- b) Con abrazadeiras de chapa.
- c) Con cravos de fixación.

5.- Cal dos seguintes mecanismos protexe unha instalación eléctrica de fallos de illamento?.

- a) Tira de conexión.
- b) Interruptor xeral.
- c) Interruptor diferencial.

6.- Para a reforma temos varios tipos de pintura, entre eles temos imprimación fosfatante. Onde non deberíamos utilizala?

- a) Nos enlucidos do morteiro.
- b) Nas portas de aluminio.
- c) Nas rexeas de ferro galvanizado.

7.- Hai unha cisterna que non corta a auga cando o depósito está cheo. Que elemento está avariado?.

- a) O sifón.
- b) O flotador.
- c) A arandela do selado.

8.- Temos que pintar un cercado de madeira nos xardíns exteriores, que teñen problemas de humidade. Que tipo de pintura é a máis adecuada?.

- a) Esmalte.
- b) Hidrófuga.
- c) Porosa.

9.- Temos que cambiar unha barra fluorescente na aula de informática e atendendo as precaucións especiais para a colocación da mesma, temos que usar unha escaleira. Cal é a abertura máxima dunha escaleira de tesoira?.

- a) 30 graos.
- b) 45 graos.
- c) 60 graos.

10.- A tubaxe de desaugue do edificio pode estar instalada en:

- a) Debaixo do piso ou postas encima de parámetros ou cámaras de aire.
- b) Colgada en falsos teitos.
- c) as respostas a) e b) son verdadeiras.

11.- Tes que facer unha gabia para levar as augas de regar, como se chama iso?.

- a) Drenaxe.
- b) Gabia de rego.
- c) Collaba.

12.- Cal da seguinte tubaxe non podemos usar na reforma por estar prohibido?.

- a) Chumbo.
- b) Cobre.
- c) Aceiro inoxidable.

13.- Nas duchas démonos de conta que a auga chega con pouca presión. Que instrumento usarías para medir a presión e o caudal?.

- a) Un termómetro.
- b) Un barómetro.
- c) Un manómetro

14.- Para levar a cabo a reforma hai que ter en conta a seguridade e a saúde dos traballadores. Que norma regula na actualidade a materia de prevención de riscos laborais?.

- a) Lei 28/1995, do 8 de novembro, de seguridade e hixiene no traballo.
- b) Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- c) Lei 28/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

15.- Segundo o Real decreto 487/1997, do 14 de abril no Anexo. Punto 1. Características da carga. A manipulación manual dunha carga pode presentar un risco, principalmente toracolumbar, nos seguintes casos:

- a) Cando a carga é demasiado pesada ou demasiado grande.
- b) Cando é voluminosa e difícil de suxeitar.
- c) As repostas a) e b) son verdadeiras.

16.- Dos seguintes tipos de xeso. Cal é o ideal para fixar as regras ou as miras?

- a) Xeso gris.
- b) Xeso branco.
- c) Xeso negro.

17.- Hai que abonar as plantas do xardín, dinnos que é convinte que usemos potasio. Por que?

- a) Para aumentar as follas e diminuír a floración.
- b) Para unha floración máis grande.
- c) Para debilitar unha praga ou enfermidade.

18.- Temos que curar un formigón que votamos na zona da entrada do edificio. De que se trata?

- a) Regalo con auga.
- b) Deixalo secar.
- c) Evitar o aceso a zona de formigón.

PREGUNTAS RESERVA

1.- Necesitamos preparar morteiro bastardo. Cales son os seus compoñentes?.

- a) Arxila, area e auga.
- b) Cemento, cal, area e auga.
- c) Cemento, grava, area e auga.

2.- Segundo o RD 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual, no seu artigo 5, nas condicións que teñen que ter os equipos de protección individual son:

- a) Ter en conta as condicións anatómicas e fisiolóxicas e o estado de saúde do traballador.
- b) Responder as condicións que existen no lugar do traballo.
- c) As respostas a) e b) son verdadeiras.

Asinado:.....



CONCELLO
DE MELIDE

Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

RESPOSTAS

1	B
2	B
3	A
4	C
5	C
6	A
7	B
8	B
9	A
10	C
11	B
12	A
13	C
14	B
15	C
16	C
17	B
18	A

RESERVAS

1	B
2	C